

O Carrusel

Aos humanos sempre nos gustou idealizar o mundo no que vivimos. Creamos fermosos relatos describindo a admirable beleza da natureza que nos rodea, as verdes e fortes árbores na primavera, o resplandecente Sol que ilumina todo ao noso redor ou a misteriosa e fermosa Lúa que fai da noite un suceso extraordinario. Gústanos e sentímonos orgullosos do mundo no que vivimos e da súa beleza, e apaixonámonos describila e falar dela. Pero, aínda así, todos somos conscientes de que por moito que admiremos o noso mundo, sabemos que este ten unha segunda cara que, por moito que intentemos ignorala, sempre vai estar alí. É a cara das inxustizas e a desigualdade, do desastre e a destrucción, do odio e o medo. É a cara que queremos ocultar, pero que cada vez se fai máis visible.

Hai moi pouca xente que recoñece ser consciente dos problemas do mundo e fai todo o posible por intentar solucionarlos, pero polo menos, aínda que non sexan moitos, existen ese tipo de persoas. Entre ese escaso grupo de xente encóntrase a pequena Diana. Diana é unha rapaza de moi curta idade, duns 7 anos, aínda que ese é un dato completamente irrelevante, xa que a idade dunha persoa non determina a súa intelixencia ou creatividade.

Para encontrar a felicidade, Diana só precisa de tres instrumentos: un pincel, unhas pinturas e un lenzo en branco. Si, como haberás podido averiguar, o que realmente fai feliz a Diana é o arte da pintura. Pero, por que a pintura? Por que non a música, o deporte ou os videoxogos? Ben, digamos que o que realmente quere reflexar Diana, a mensaxe que quere transmitir, só pode ser mediante a pintura.

Ela é consciente do que o mundo sofre realmente porque o ve todos os días. Ve como a súa nai volve do traballo ás 11 da noite para volver a saír da casa ás 7 da mañá do día seguinte e acabar cobrando o mínimo a pesar de ter dous fatigosos traballos. Diana ve como nas escuras calellas da gran cidade os pequenos gatos e cans indefensos buscan desesperados nos contedores de lixo algo para alimentar as súas camadas. Ve como cada día o ceo da cidade perde a súa fermosa cor azul natural e se volve cada vez máis gris e triste grazas á contaminación.

Por todas estas cousas e moitas máis que Diana ve cada día, ela desexa cada vez con máis intensidade que exista algún lugar no Universo onde todo este sufrimento invisible para algúns sexa inexistente, un lugar onde reine a paz e a xustiza. Pero por moito que o desexe, Diana sabe que ese mundo non existe, e que probablemente xamais chegue a existir.

Por iso a Diana encántalle a pintura, porque con ela pode crear novas realidades, paisaxes nunca vistas antes ou mundos fermosos nos que suceda o que ela queira. Coa pintura pode transmitir a súa mensaxe aínda que non estea escrita: “Intentemos que o mundo no que vivimos se asemelle en algo a un lugar pacífico e xusto.”

Diana sempre intenta dedicarlle o maior tempo posible a súa paixón, e incluso hay días nos que o único que fai mañá, tarde e noite é pintar. De feito, ás veces esquecese de asistir ás clases do colexio por culpa desa afección. O que normalmente adoita pintar Diana son paisaxes, pero non calquera paisaxe que se pode ver un día normal mentres se camiña pola rúa, non. Ela pinta paisaxes estrañas pero fermosas, complexas pero cunha mensaxe clara. Cando ve un lenzo en branco imaxina todo tipo de cousas para enchelo de cor e vida, e sempre consegue que, unha vez terminada a obra, aparezan unhas ganas terribles de encontrarse nese mesmo intre no lugar da paisaxe, xa que asemella ser un lugar apacible e moi diferente aos que estamos acostumados a ver na realidade.

Un deses lenzos que máis tarde se convertería noutra obra mestra da nena estaba sendo pintada por ela mesma no seu cuarto nun día dun xélido inverno. Este cadro consiste nun enorme carrusel no cal montan moitas persoas. Quizáis, descrito desa forma, pareza que se trata dunha imaxe normal e corrente, pero o realmente destacable desta obra é que no grupo de persoas que se encontran subidas ao carrusel vense nenos, adultos, anciáns, xente de diferentes nacionalidades, homes, mulleres, etc, e todos e cada un deles deixan ver unha faciana de inmensa felicidade e disfrute.

Nese intre, Diana desexaba con todas as súas forzas poder encontrarse subida nese carrusel con todas esas persoas que parecían tan felices e entusiasmadas, sen que lles importase un chisco o que pensasen as persoas do seu arredor.

-Oxalá fose así na realidade.- pensaba Diana -Oxalá puidésemos disfrutar todos xuntos sen importar as nosas diferenzas. O que daría eu por vivir nun mundo coma ese...”-

Mentres Diana seguía falando para si mesma, algo estraño sucedeu con todo o que se encontraba ao seu arredor. De repente, sen que ela se decatase, as paredes, os mobles, o cadro... todo, comezou a desaparecer lentamente. Parecía coma se alguén decidise pintar de novo o fondo do lugar onde se encontraba Diana e quixese crear un completamente diferente. Cando a nena deixou de estar ensimismada cos seus pensamentos, fixouse en que todo ao seu arredor cambiara. Xa non se encontraba no seu cuarto, senón que estaba de pé parada diante dun gran carrusel, pero non se trataba de

calquer carrusel, non, era o seu carrusel, a súa obra. Foi xusto nese intre cando Diana caeu na conta de que se encontraba nin máis nin menos que no interior do seu propio cadro, da súa propia creación.

A nena non sabía como reaccionar. O carrusel que ela mesma deseñara nun lenzo encontrábase neses intres xusto diante dela xirando a gran velocidade con moita xente no seu interior, xente que ela mesma creara.

Ao ver a Diana alí pasmando diante do carrusel, algunhas persoas que estaban montadas nel ofrecéronlle subir á atracción e desfrutar un rato con eles. A rapaza, aínda moi despistada e asombrada, decidiu aceptar a invitación e subir no carrusel. A ela chamoulle a atención que, sen tan sequera dicir nada, a xente do carrusel ofrecéranlle divertirse con eles, sen xulgarlle coa mirada por ter un comportamento estraño ao quedar alí parada mirando para todos lados asombrada.

Alí, subida no carrusel, foi cando Diana comprendeu o que o noso mundo se estaba perdendo, o que nós coma humanos nos estamos perdendo. Na atracción todos estaban desfrutando da experiencia. Nese momento non importaba se ao teu arredor se encontraba un neno, un adulto ou un ancián, un home ou unha muller, alguén da túa nacionalidade ou non, etc. O importante era que todos eran persoas, e todos estaban desfrutando da mesma forma sen importar nada máis. O que lle falta ao noso mundo para ser o lugar que queremos que sexa, un lugar fermoso e xusto, é que nós mesmos temos que aceptarnos entre nós e facer un esforzo para que poidamos convivir todos xuntos e facer deste mundo un lugar mellor.

Vagalume Vermello